

PLAN DIXITAL

IES DE CARRAL.

CURSO 2021-2022.
(XUÑO DO 2022)

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro.
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.
- 1.3. Breve xustificación do mesmo.
- 1.4. Proceso de elaboración.

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.
- 2.3. Análise DAFO.

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción.
- 4.2. Propostas de mellora (revisión).

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES de Carral está situado no concello que lle da nome, na entrada da vila segundo se vén da Coruña pola N-550. Creouse no ano 2015, con capacidade para 12 unidades de ESO.

O complexo educativo ten unha superficie construída total de 2.938,96 m², dos que 139,42 m² son de patio cuberto. O espazo distribúese en dúas plantas con 12 aulas de Educación Secundaria Obrigatoria, o que supón 360 prazas para o alumnado.

Tamén conta, na súa planta baixa, biblioteca, cafetería, aula de Informática, zona de administración, despachos de dirección, sala para Asociación de Nais e Pais do Alumnado, aseos adaptados a persoas con discapacidade e zona de servizos e instalacións. No primeiro andar sitúase o taller de Tecnoloxía, a aula de Música e de Educación Plástica e Visual, o laboratorio de Ciencias experimentais, 3 aulas de apoio, reforzo e desdoblamento, seminarios e aseos de alumnado e profesorado. Separado do edificio principal sitúase un pavillón deportivo e unha pista polideportiva que se une cun patio pavimentado e unha zona verde.

Neste centro impártense os catro cursos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO).

DATOS DO CENTRO.

CÓDIGO	15032923
NOME	IES de Carral
ENDEREZO	Rúa Costa do Pincho s/n
CONCELLO	Carral
PROVINCIA	A Coruña
CÓDIGO POSTAL	15175
TELÉFONO	881 960 480
CIF	S1500118C

PÁXINA WEB	https://www.edu.xunta.gal/centros/iescarral/
ENDEREZO ELECTRÓNICO	ies.carral@edu.xunta.gal

RECURSOS HUMANOS.

EQUIPO DIRECTIVO	
DIRECTOR	ANXO GÓMEZ SÁNCHEZ
XEFA DE ESTUDOS	CARMEN OTERO MAZOY
SECRETARIO	JUAN I. DONESTEVE VARELA DE LIMIA

Este curso o claustro está composto por 24 persoas. Cóntase cunha PT para os dous primeiros cursos da ESO, profesorado de educación secundaria e compartimos profesor de Relixión co IES de Viós.

ALUMNADO.

Neste curso hai un total de 227 alumnos e alumnas matriculados no IES de Carral. A continuación apórtanse os datos de reparto do alumnado nos diferentes cursos:

CURSO	Alumnado	Aulas
1º ESO	67	3
2º ESO	63	3
3º ESO	57	2
4º ESO	39	2

PERSOAL NON DOCENTE.

O IES de Carral conta actualmente co seguinte persoal non docente:

- 1 auxiliar-administrativa
- 2 subalternas
- 2 persoas do servizo de limpeza, unha delas contratada laboral a media xornada.

Ademais, a persoa titular da empresa adxudicataria do servizo de cafetería ofrece este servizo a toda a comunidade educativa.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.2.1 CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS E CULTURAS DO CONTEXTO DO CENTRO.

O noso centro está situado no concello de Carral, que se localiza xeograficamente na latitude 43º 13' norte e lonxitude 8º 21' oeste, na provincia da Coruña; atópase a 17 km da cidade herculina, formando parte da súa área metropolitana, xunto cos Concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada. Segundo datos do IGE de 2020 conta con 6473 habitantes, sendo algo maior o número de mulleres (3297) que o de homes (3176); arredor do 15% da poboación é menor de 18 anos e conta cun 3 % de poboación estranxeira.

O concello ten unha extensión de 48.03 km cadrados, que aglutina oito parroquias: Beira (Santa Mariña), Cañás (Santa Baia), Paleo (Santo Estevo), Quembre (San Pedro), Sergude (San Xíán) , Sumio (Santiago), Tabeaio (San Martiño) e Vigo (San Vicente).

A proximidade de Carral con relación á Coruña, está a provocar unha mobilidade demográfica da poboación coruñesa cara a este concello así como un aumento da inmigración, se ben moi moderado. A maior parte da poboación concéntrase nos núcleos de Paleo e Tabeaio. As outras parroquias teñen un elevado número de entidades polas que se dispersa a poboación.

Nos anos anteriores á crise houbo un considerable medre do centro urbano e das zonas situadas arredor da N-550. Isto tamén influíu na economía local que se foi orientando ao sector comercial e de servizos relacionado coa cidade da Coruña. Consta dun parque empresarial, Os Capelos. Deste xeito temos un concello con parroquias nas que a poboación aumentou lixeiramente, con industrias (madeireiras, materiais de construción) e un sector servizos dinámicos e outras áreas máis rurais. Cómpre salientar a importancia que segue a ter o sector do pan.

O alumnado de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO vén do centro adscrito que é o CEIP Vicente Otero Valcárcel, agás imprevistos de alumnos trasladados, cambio de domicilio dos pais, etc.

O noso alumnado tamén provén de Concellos limítrofes ao de Carral, das súas parroquias máis próximas como Sarandós (Abegondo), Santa María de Vigo ou Andeiro (Cambre) e de zonas do Monte Xalo pertencentes aos concellos de Culleredo ou Cerceda.

En xeral, as familias soen colaborar e amosar interese pola formación dos seus fillos e fillas. Cóntase coa participación de familias dende o Consello Escolar, mais continuamos sen ter a Asociación de nais e pais de alumnado (ANPA). As relacións do centro educativo co Concello foron sempre fluídas. Desde diferentes Concellarías vimos mantendo unha comunicación e colaboración próximas. É destacable o labor desenvolvido neste sentido polos diferentes técnicos de Cultura, Deportes, Educación e Servizos Sociais e Normalización Lingüística.

Ao longo de todos estes anos son numerosas as actividades ofertadas polo Concello ao centro: obradoiros dixitais, conferencias, teatro, actividades musicais... así como a posibilidade de empregarmos as súas instalacións, brindando sempre apoio a calquera iniciativa levada a cabo desde o centro educativo.

1.2.2 CONTRIBUCIÓN DO PD AO PROXECTO EDUCATIVO. RELACIÓN CON OUTROS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO: TRAXECTORIA NO ÁMBITO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS E PROGRAMAS DE INNOVACIÓN NOS QUE PARTICIPA.

O les de Carral nace hai sete cursos a partires da división do CPI existente no concello naqueles intres. A dotación Abalar do CPI pasa a formar parte do les nos cursos de 1º e 2º da ESO e o Plan Tics actual data do curso 18-19, curso prepandemia. Nese Plan Tics está reflectido o equipamento Tics de cinco aulas Abalar e como obxectivo a cumprir está a actualización deses equipos que a día de hoxe están a quedar obsoletos.

O les de Carral é un centro que promove o uso das tecnoloxías como unha ferramenta que contribúe ao desenvolvemento da Competencia Dixital do noso alumnado favorecendo a alfabetización informacional e o uso crítico da información. Con eso intentamos crear unha actitude activa, crítica e realista de cara ás Tics, valorando as súas fortalezas e debilidades e respectando principios éticos que rexen o seu uso.

Tamén consideramos importante no contexto actual a creación dunha identidade dixital positiva, e a prevención de adiccións dixitais e a seguridade no entorno da rede e no uso dos dispositivos.

*O centro participa nos seguintes **programas de Innovación**:*

Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE). / Clubs de Lectura

Plan Proxecta: hábitos de vida saudables

Contratos Programa Recupera-T: ARCO e PROA+

Programa de Intercambios Escolares Eduexchanges / Programa de Auxiliares de Conversa

Eduemprende / Educación en Finanzas

Plan Director / Navega con Rumbo

A nivel de Concello: Policía local / Concello de Carral: Educar en valores / 21 días en galego e + desde Carral.

1.2.3 CONTRIBUCIÓN DO PD Á PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DO CURSO 22/23 (baseándonos na PXA actual)

O Centro pretende seguir ampliando os obxectivos propostos na PXA deste curso destacando en relación coas Tecnoloxías os seguintes:

- 1. Optimizar e mellorar os recursos materiais do centro.*
- 2. Promover a formación do persoal docente en proxectos pedagóxicos de innovación e educativos e de participación colaborativa por proxectos e a interdisciplinidade.*
- 3. Plantexar accións encamiñadas ao uso ético das Tics.*

Atendendo a esto plantexamos uns **obxectivos do PD** tendentes a conseguir os seguintes **obxectivos específicos**:

1. **Mellorar a convivencia** no centro intentando formar ao alumnado no **uso ético** das Tics.

2. **Mellorar a organización e xestión do centro** revisando os documentos do centro, neste caso o **PD**, manter a **web do centro** o máis actualizada posible e facilitar a información entre toda a comunidade educativa utilizando o correo corporativo, o **soporte ABALAR e/ou outros**.

3. Establecer como **prioridade** as medidas de apoio ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo **NEE** -físicas, psíquicas, sensoriais ou socioeconómicas- compensando as desigualdades que poidan xurdir coas **ferramentas e apoios tecnolóxicos necesarios**.

4. Propiciar a **innovación pedagóxica** do profesorado impulsando a participación de todos os profesores/as dos distintos niveis en **proxectos de innovación educativa** e fomentando o **uso da aula virtual** do centro.

5. Optimizar e mellorar os **recursos materiais** do centro dotando de **material informático actualizado** ás diferentes aulas e mellorando a cobertura **wifi** nos distintos espazos do centro.

6. Fomentar a **participación coas institucións públicas e privadas** da contorna facendo especial fincapé naquelas que teñan e/ou nos poidan proporcionar **axuda ou soporte** para apoiar a adquisición da Competencia Dixital do noso alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Seguindo o artigo 111 bis da LO 2/2006 o PD do noso centro promoverá os **principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas tanto en formatos, en contidos, en ferramentas e entornos virtuais de aprendizaxe**. A través da **aula virtual** (en

continuo proceso de mellora) o alumnado poderá acceder aos espazos de aprendizaxe virtuais en calquera lugar e momento.

Un dos obxectivos do PD é **compensar as desigualdades** do noso alumnado por mor de das necesidades educativas que presenten tanto as derivadas do proceso de aprendizaxe como as socioeconómicas e así garantir o dereito á educación de todo o alumnado en igualdade de condicións.

Do mesmo xeito prestaremos especial atención ao **uso inadecuado das Tics** e ás **situacións de risco** que poidan xurdir por un uso inaxeitado da rede facendo propostas de programas de prevención.

O Equipo Directivo e o Equipo Tics promoverá a **formación do profesorado** nos aspectos anteriores para dando resposta ás demandas que vaian xurdindo en cada momento.

Será **función do director** do centro segundo o **artigo 132** da Ley Orgánica 2/2006 **promover a innovación educativa e impulsar plans** para a consecución do PE do centro no que se enmarca este PD de acordo co **artigo 121** da mesma Ley Orgánica.

Para dar resposta a todo o exposto anteriormente este curso seguindo a **disposición adicional quinta da resolución do 17 de Xuño do 2021** pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da ESO no curso académico 2021-2022 despois de constituído o equipo de dinamización do Plan Dixital e seguindo as instrucións dedas polos **Equipos ADIX** de zona elaboramos este documento seguindo as instrucións marcadas na resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan as instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan dixital para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración.

A partires da resolución do 3 de Setembro do 2021 constituímos o Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Formamos o Equipo catro persoas nas que están representados o Equipo Directivo, o Equipo Tics, o equipo de Biblioteca e o Equipo de formación do centro, os cales conformaron o grupo de traballo de elaboración do Plan Dixital. O primeiro paso foi pedir asesoramento e formación ao CFR da nosa zona e solicitamos e levamos a cabo o seguinte PFPP, -que desenvolve a liña de traballo

(54) Plan dixital do centro; integración didáctica das TIC; traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais; educación dixital-:

C2131165 PFPP 2021/2022 15032923 – IES de Carral.

Con dúas actividades asociadas ao mesmo:

- O grupo de traballo: C2105305- PFPP C2131165 Elaboración do Plan dixital do centro.

- O seminario C2106193 – PFPP C2131165 Creación e difusión de contidos dixitais

No grupo de traballo seguimos as directrices que nos marcou o Equipo Adix facendo reunións periódicas para elaborar os documentos que se nos foron solicitando en cada momento ata chegar no mes de xuño á elaboración deste documento final.

No seminario participou un 80% do profesorado do centro. Desenvolveuse en torno a Aula Virtual do centro e as súas posibilidades, a súa mellora como entorno “amigable” e a creación de contidos dixitais. -que continua e afonda a liña do seminario xa realizado no curso anterior-.

2. Situación de partida.

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital:

Por unha banda, o centro conta cunha infraestrutura de datos (mediante cable e sen fíos para conectarse a Internet). Así, dispón dunha wifi de centro chamada “ED_1503923”, para conectar calquera dispositivo sen cable para a que os profesores/as poden solicitar unha IP e usar os seus dispositivos electrónicos. Tamén hai a wifi “edu.xunta.es” e nas aulas abalar dispoñen ademais da súa wifi Abalar.

Por outra banda, o centro dispón dunha infraestrutura de voz nos departamentos dos membros do Equipo Directivo, Administración, Conserxería e Sala de Profesorado, a cal permite comunicarse

entre os diferentes entes citados ou con membros externos ao centro educativo. Aparte do anterior e para cubrir necesidades internas específicas, conta cun sistema de megafonía con cobertura a meirande parte do centro.

Sinalar, ao mesmo tempo, que co gallo de cubrir necesidades internas en beneficio da comunidade educativa, dispónse dun sistema de videovixilancia mediante cámaras, ubicadas en espazos comúns.

Equipamento Dixital:

- a) Aulas dixitalizadas (con conectividade e posibilidade de visualización e interacción): o centro conta con 10 Aulas de Grupo (6 das cales son Abalar, detallando o equipamento específico destas máis abaixo), 4 Aulas de Desdobre, 4 Aulas Específicas (Música, Tecnoloxía, Plástica e Laboratorio Bioloxía), 1 Aula de Informática (detállase máis abaixo) e 1 Aula PT, aulas todas elas dixitalizadas, en tanto contan con un EDI (Encerado Dixital Interactivo), proxector e un ordenador para o docente.
- b) Proxecto E-Dixgal: Non procede. Centro Abalar.
- c) Postos de traballo de xestión e administración do centro: cóntase cun posto administrativo (con ordenador, teléfono para comunicacións internas/externas e dispositivos de impresión e escaneo) así como dun posto en conserxería (con ordenador, fotocopiadora, fotocopiadora e “videoporteiro”).

d) **Biblioteca:** actualmente non se dispón deste espazo por mor da COVID, dado que se aproveitou como Aula de Grupo polas limitadas condicións espaciais do centro educativo. O equipamento dixital da mesma, trasladouse ao Departamento de Música, dispoñendo de 4 portátiles e 4 tablets para seren usadas polo alumnado e adquiridos, todos eles, con fondos propios do centro así como dun ordenador de sobremesa no que se xestionan os préstamos, catálogo, etc. incluídos no Proxecto Meiga, entre outros recursos. Mercouse tamén un Ipad para facilitar a xestión da propia Biblioteca.

e) **Equipos Sala Profesorado e Departamentos:** na sala de profesorado dispónse de 3 postos con ordenador, un escáner, unha impresora e un teléfono para levar a cabo xestións internas/externas. Nos departamentos, un total de 7, só 2 (Inglés e Galego) contan con ordenador.

f) **Equipos ultraportátiles para aula móbil:** *As aulas de 1º e 2º da ESO son seis aulas Abalar. Neste momento cinco delas están dotadas con cadanseu carro de ultraportátiles, nas que hai un aparato para cada un dos alumnos/as, un ordenador para o profesor/a, un videoproxector, dous altofalantes e dun EDI. Os ultraportátiles están en desuso dado que no momento que chegan ao centro no 2015, son equipos obsoletos, extremadamente lentos, non funcionan axeitadamente a maioría e sinalar que proviñan doutro centro no que foran xa usados (aclarar que a Consellería indica que se o IES de Carral non forma parte do proxecto E-Dixgal*

non hai posibilidade de renovación de equipos con fondos directos da propia Consellería, cos inconvenientes que isto supón tanto para o alumnado como para os demais membros da comunidade educativa).

g) Aula de informática: o centro conta cunha única aula de informática cun ordenador de sobremesa para o profesor/a, 24 ordenadores de sobremesa para os alumnos/as, un videoproxector, un EDI e dous altofalantes.

h) Equipos para proxectos específicos: Non dispón.

Servizos Dixitais Educativos:

Entre os diferentes servizos dixitais educativos corporativos atopamos:

a) O correo electrónico (o corporativo así como un propio do IES de Carral con dominio @iescarral.com do cal, dispoñen tamén os propios alumnos/as).

b) A páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescarral/>

c) A Aula Virtual:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescarral/aulavirtual/>

d) Espazo Abalar: para comunicacións do centro coas familias e viceversa (con todas as súas funcionalidade e aplicacións).

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

O centro conta cun asesor e técnico informático externo encargado do mantemento do equipamento TIC do centro. Ten asignadas 3 horas semanais para levar a cabo a súa labor, con cargo ao

presuposto do centro. Dado que os equipos cada vez van estando máis obsoletos é necesario por unha banda, que o citado técnico incremente a súa carga horaria, e por outra, que o IES de Carral teña que adicar cada ano inxentes cantidades de fondos económicos propios á renovación de equipación TIC (véxase aquí unha vez máis o condicionamento e limitación imposta por parte da Consellería de non formar parte do E-Dixgal).

Citar aquí a colaboración puntual da UAC para resolver certas incidencias, en colaboración co coordinador/a TIC do IES de Carral.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:

Programa *Educa en Dixital Galicia*: centro conta con 15 equipos portátiles así como con cadanseu kit de conexión á rede incluídos no programa *Educa en Dixital Galicia*. Estes foron asignados aos alumnos/as que maiores necesidades teñen neste eido co fin de minguar a fenda dixital entre o alumnado.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

AUTOAVALIACIÓN SELFIE DO CENTRO (sobre 5).

Areas	Grupos	Ensinanzas
		ESO
A- Liderado	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	2,3
	Alumnado	2,1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	2,5
	Alumnado	2,4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	3,6
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,7
	Alumnado	3,6
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,6
	Profesorado	3,1
	Alumnado	2,5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	2,9
	Alumnado	2,3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	2,9
	Alumnado	2,5

TEST DE COMPETENCIA DIXITAL DO CENTRO.

Participación segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	18	50%
PROVISIONAL	2	3	66,7%
INTERINO	4	4	100%
SUBSTITUTO	1	2	50%

Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	78,5	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	6,3%
A2	6	37,5%
B1	5	31,3%
B2	3	18,8%
C1	1	6,3%
C2	0	0%
TOTAL	16	

2.3. Análise DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. - Recursos económicos do centro. 2. - Alumnado trae o propio dispositivo (móbil).	1. - Equipos e dispositivos escasos e obsoletos.
	PERSOAL DOCENTE	1. - Boa disposición a aprender e participar 2. - Iniciativa e interese polo profesorado -autodidacta, incluso- se ven uns beneficios claros coa súa aplicación nas aulas. 3. - Desenvolvemento profesional continuo. 4. - Participación do profesorado en cursos formación. 5. - Pouco profesorado principiante nas TIC.	1. - Baixa participación profesorado definitivo en actividades relacionadas coas TIC. 2. - Falta reflexión por parte do profesorado sobre as novas tecnoloxías 3. - Escaseza de proxectos interdisciplinares.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. - Boa disposición a aprender e participar. 2. - Valoración positiva (por parte do alumnado) da aprendizaxe por medio da Aula Virtual.	1. - Baixa capacitación TIC por parte do alumnado. 2. - Baixa participación alumnado en actividades relacionadas coas TIC.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. - Emprego das TIC para mellorar a comunicación.	1. - Non hai unha retroalimentación adecuada.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. - Asistencia técnica UAC. 2. - Plans de Formación do Profesorado.	1. - Baixa dispoñibilidade horaria para explorar as novas tecnoloxías. 2. - Baixa dispoñibilidade de espazos físicos para albergar e empregar equipos, entre outros. 3. - Falta de compromiso e coaccións por parte das institucións educativas (Xunta/Consellería).
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	1. - Colaboración co Concello de Carral e outras institucións.	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	1. - Disposición de recursos en liña e abertos.	

3. Plan de Acción.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partires do análise DAFO do centro decidimos establecer como liña prioritaria a que se centra na **resolución de problemas técnicos**. As primeiras accións irán encamiñadas a **revisar e actualizar o equipamento existente**. A partir desta revisión veremos que necesidades son máis urxentes e faremos a dotación necesaria segundo a dotación das diferentes partidas do Centro.

Neste primeiro momento é fundamental a **organización e xestión do Equipo Tics**. Buscaremos un equipo estable no que cada un teña unhas áreas e funcións definidas que queden reflectidas en actas mensuais/trimestrais segundo o caso. Como tarefa prioritaria está a elaboración de **plantillas/documentos** que se poidan pasar á comunidade educativa nos principios de cada curso para **detectar as necesidades reais** que vaian xurdindo.

Un dos segundos aspectos a desenvolver é a **creación de contidos** dixitais para o que será preciso a **formación do profesorado** a través das liñas ofertadas neste senso -coas

que xa levamos dous anos traballando- e que neste vindeiro curso centrarémonos no **uso da pizarra dixital** como **ferramenta** para apoiar o desenvolvemento curricular.

Outro dos aspectos a destacar é a **comunicación e a colaboración** na que destacaremos como ferramenta pedagóxica para o seguinte curso a **aula virtual** do centro, facendo que forme parte da práctica docente. Intentaremos dotala dunha imaxe atractiva, e dunha orde e coherencia nos seus contidos para que o alumnado e o profesorado a valore como unha ferramenta accesible que faga máis eficaz o seu traballo.

*E por último abordando os aspectos que nos quedan do **marco DigiComp** de **busca e xestión da información e datos** e **seguridade** propoñémonos empezar a abordar as competencias dixitais do alumnado traballando o uso ético das Tics.*

*En colaboración co departamento de orientación e buscando programas como Navega con Rumbo e o Plan Director implementaremos **sesións** que teñan como temática fundamental a **identidade na rede**, a **xestión de datos persoais**, a **propiedade intelectual** e a **saúde e benestar persoal** (prevención de adiccións dixitais).*

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Somos un centro público que ten clara a importancia do desenvolvemento da competencia dixital na sociedade actual e futura do noso alumnado . Nesa liña vimos traballando vai bastantes anos; para mostra, as aulas Abalar, xa obsoletas, que temos -.

Tamén temos claro que sin equipamento dixital para o alumnado, o desenvolvemento de dita competencia é complicada. Consideramos que a equipación dixital, a lo menos para o alumnado, debería vir dada pola Consellería de Educación. A igualdade de oportunidades e a atención a diversidade non debería estar suxeita a coerción baseada na adscrición a un programa -Edixgal- que limita a libre elección de calquera dos elementos pedagóxico- educativos. Temos claro que o dixital non debe abarcalo todo, que é só unha das competencias que teñen que desenvolver, que é unha ferramenta moi útil e importante, pero que ten que estar ó servizo do centro, dos obxectivos pedagóxicos, do desenvolvemento curricular e como apoio as distintas materias -e non á inversa, como no caso do programa Edixgal.

Por esta razón, vista a falta de dotación dixital do Instituto -posto que non nos adscribimos a dito programa-, temos como obxectivo prioritario a organización e dotación

de infraestruturas e equipamento nas aulas dentro das nosas posibilidades orzamentarias (non hai medios -portátiles ou tablets- para traballar toda a clase, salvo na aula de informática con 24 postos) asemade consideramos que sería conveniente ter a lo menos outra aula de informática máis; a dotación dos Departamentos (só dous teñen ordenador).

Para completar a dotación Tics necesaria no centro, tamén traballaremos, evidentemente, na xestión do orzamento e detección de necesidades e a súa priorización (partidas para mantemento, aulas, equipos tics, departamentos...), se non vén unha provisión específica.

Seguiremos co desenvolvemento profesional continuo, aproveitando os encerados dixitais que temos; polo que outro dos obxectivos é tamén a revisión, posta en funcionamento e emprego pedagóxico dos mesmos, así como a solicitude ao CFR dun curso a diferentes niveis de coñecemento sobre a súa utilización e posibilidades pedagóxicas.

Tamén continuaremos co obxectivo de desenvolver, organizar e xestionar a aula virtual do centro, favorecendo su implementación na aula, a súa accesibilidade (formato, guía de uso para pais e alumnado...), a creación de contidos dixitais específicos, etc.

E, por suposto, continuar co desenvolvemento da ética dixital no alumnado nas redes sociais, o plaxio ...

Tales obxectivos están desglosados nas táboas que van a continuación:

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción.

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos: xestión e organización do equipamento existente.						
1. OBXECTIVO :	Organizar e revisar a dotación Tics do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Tics.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Inventario Tics do centro. <ul style="list-style-type: none"> Inventarios, estado e necesidades de aula. Inventario, estado e necesidades da aula de informática. Inventario, estado e necesidades da biblioteca. Inventarios, estado e necesidades dos diferentes departamentos. 					
Valor de partida	Documento inventario actual.					
Valor previsto e data	Documento/s revisado/ e actualizado/s.			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Elaborar cadros para contabilizar e valorar os recursos dispoñibles nos distintos espazos.	Equipo Tics.	30/09/2022	Procesadores de textos e de datos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Repartir tarefas do inventario e elaborar estas por parte dos responsables de cada	Equipo directivo + equipo Tics + diferentes equipos + titores e xefes de departamento.	30/09/2022	Procesadores de textos.		Realizada	
					Aprazada	

espazo.					Pendente	
AO1.3: Elaborar un documento sobre o que poder facer revisión e modificación de necesidades ao inicio dos cursos.	Equipo Tics.	30/06/2023	Procesadores de textos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos: xestión do orzamento e detección de necesidades.							
1. OBXECTIVO :	Completar a dotación Tics necesaria no centro para acadar os obxectivos propostos no Plan Dixital.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo (secretaría).					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Orzamento do centro. <ul style="list-style-type: none"> Facturas mantemento. Partidas do Equipo Tics. Partidas dos diferentes departamentos e equipos. 						
Valor de partida	Gasto en Tics no orzamento actual.						
Valor previsto e data	Resumo do gasto en Tics nas diferentes partidas dos orzamentos ao final do exercicio.					30/06/2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO2.1:Reunirse equipo directivo-coordinador Tics para ver o estado de contas en cada partida.	Equipo directivo. Equipo Tics. Consello escolar	Decembro 2022.	Actas de orzamento. Procesadores de texto.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2:Xestionar necesidades e priorizar gastos en recursos Tics e encadralos nas partidas correspondentes.	Equipo Tics. Equipo Biblioteca. Departamentos.	Marzo 2023.	Orzamentos. Cuestionario de necesidades. Procesadores de texto e datos, inventarios dos departamentos e equipos.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3:Revisar e actualizar os encerados dixitais do centro.	Equipo Tics. Titores*	Decembro 2022.	Dispoñibilidade horaria.		Realizada		

“Área/s de mellora”: Colaboración e Redes: xestión e organización do Equipo Tics.						
1. OBXECTIVO :	Organizar o funcionamento e actividades do Equipo Tics.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Actas de reunións do Equipo Tics.					
Valor de partida	Cero actas de reunións.					
Valor previsto e data	Número de actas (1 trimestral cando menos), accións realizadas, propostas e acordos do Equipo Tics.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1:Reunirse para acordar a organización e funcionamento do Equipo Tics.	Equipo Tics.	Outubro 2022.	Dispoñibilidade horaria. Procesadores texto. Modelo de accións realizadas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Asignar tarefas/áreas aos compoñentes do Equipo Tics.	Equipo Tics.	Outubro 2022.	Dispoñibilidade horaria. Procesadores de texto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3:Reunirse para tomar acordos das tarefas de cada área.	Equipo Tics.	Outubro 2022.	Dispoñibilidade horaria.		Realizada	

“Área/s de mellora”: D Desenvolvemento Profesional continuo: encerados dixitais.						
2. OBXECTIVO:	Revisar, poñer en funcionamento e <u>empregar pedagogicamente</u> os encerados dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Tics. Xefes de departamento e titores.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Realizar unha enquisa ao inicio do curso sobre o número de áreas/docentes que inclúen o encerado dixital na práctica da súa materia ou que estean interesados en empregalo.					
Valor de partida	O valor resultante da enquisa realizada.					
Valor previsto e data.	Aumentar nun 30% os docentes que usan o encerado dixital con respecto os resultados da enquisa de principios de curso.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN.	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Solicitar e crear un PFPP, grupo de traballo ou seminario sobre o uso do encerado dixital.	Equipo directivo. Equipo Tics. Equipo de formación.	Xuño 2023	encerados dixitais. CFR.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Elaborar unha guía de uso dos encerados dixitais.	Equipo Tics.	Marzo 2023.	Procesadores de texto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Crear grupos de traballo docente por niveis de competencia para comezar a elaborar materiais e recursos.	Equipo de formación do profesorado.	Xuño 2023.	Equipamento informático. encerados dixitais. CFR.		Realizada	

“Área/s de mellora”: F Pedagogía: Implementación na aula (aula virtual do centro).							
3. OBXECTIVO :	Organizar e xestionar a aula virtual do centro para favorecer a accesibilidade.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Tics.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de cursos e interaccións nos distintos niveis.						
Valor de partida	Curso CFR 21-22, acordo de formato de unificación dos contidos das materias e cursos.						
Valor previsto e data	60% de unificación dos cursos das diferentes materias.				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO5.1:Organizar, xestionar o formato de aula virtual por niveis facéndoo atractivo e accesible.	Equipo Tics.	Outubro 2022.	Equipamento informático. Disponibilidade horaria.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.2:Crear unha guía de uso da aula virtual para pais e alumnado.	Equipo Tics.	Decembro 2022.	Equipamento informático. Disponibilidade horaria.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.3:Fomentar o uso sostible da aula virtual por parte do profesorado atendendo ás súas necesidades de formación.	Equipo Tics.	Xuño 2022	Equipamento Tics.			Realizada	

“Área/s de mellora”: H Competencias Dixitais do alumnado: uso ético das Tics polo alumnado.						
4. OBXECTIVO :	Recoñecer prácticas non axeitadas no uso da rede. Plaxio e redes sociais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Tics. Equipo docente.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de sesións adicadas ás prácticas non axeitadas na rede, que serán rexistradas polo equipo de orientación.					
Valor de partida	0 sesións adicadas					
Valor previsto e data	5 sesións de formación adicadas ó uso ético da rede.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Solicitar a formación Plan director e Navega con Rumbo	Equipo orientación.	Xuño 2023.	Plans da Consellería.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Realizar sesións de formación titorial sobre identidade dixital e uso de imaxe. Plan de acción titorial.	Equipo de orientación. Titores	Xuño 2023	Páxinas web. CFR. Recursos web.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Implementar dúas sesións por niveis acerca de dereitos de autor e ferramentas de detección de plaxio.	Equipo orientación. Equipo Tics. Titores*	Decembro de 2022.	CFR. Recursos web		Realizada	

4. Avaliación do plan.

AVALIACIÓN PROCESUAL:

→ Mediante as **táboas de concreción dos obxectivos** e as accións encamiñadas a levalos a cabo. Nesas táboas iremos reflectindo o estado das accións e a valoración de cada unha delas.

Ao final de cada trimestre faremos unha avaliación das accións cubrindo as táboas do PD.

→ Mediante o **análise das actas de reunións** dos diferentes equipos que participen nas diferentes accións a levar a cabo. Veremos que puntos se trataron, os acordos aos que se chegou e que estean cumpridos os compromisos adquiridos periodicamente.

AVALIACIÓN FINAL:

→ Mediante **enquisas** aos membros da comunidade educativa valoraremos o grado de adquisición dos obxectivos plantexados.

→ Unha vez rematado o curso faremos unha **memoria do PD** que formará parte da Memoria Anual do curso.

5. Difusión do plan.

A principio do curso 2022-23 os pasos a seguir e as canles para a difusión do documento serán os seguintes:

En relación ao profesorado:

1. Informar da existencia do Plan Dixital na primeira CCP e Claustro do Curso.

En relación ao alumnado e familias e comunidade educativa:

1. Difusión na páxina web do Centro.

2. Informar da súa existencia no Consello Escolar do Centro e as canles onde se pode consultar.

3. Presentar nas titorías ao alumnado.

4. Informar ás familias nas reunións iniciais de curso.